



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN), dentro das **iniciativas de apoio e captación do talento innovador en Galicia**, participa activamente na aceleradora de empresas e emprendedores **VíaGalicia**, promovida polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Xunta de Galicia.

De entre os máis de 300 proxectos presentados á 4ª edición desta aceleradora, o pasado día 21 de outubro foron finalmente seleccionados **un total de 43 proxectos** para participar na Fase de Academia. Dos proxectos seleccionados, 20 estarán na sede de Vigo e 20, na de Lugo. Ademais, como novidade desta edición, participarán 3 proxectos do **sector aeroespacial** que poderán acceder a servizos personalizados no coworking do Centro Aeroespacial do Centro de Negocios de Porto do Molle.

Os proxectos de emprendemento innovador pertencen a **diversos sectores produtivos**, destacando: o sector textil, cun total de 7 proxectos, os proxectos TIC (software científico, realidade virtual e impresión 3D), o sector agroalimentario, a economía colaborativa e os novos materiais, entre outros. Podes acceder á listaxe completa de seleccionados nesta **ligazón**.

O obxectivo da Fase de Academia é validar, **segundo a metodoloxía Lean Startup**, aspectos relacionados coa proposta de valor e o modelo de negocio dos diferentes proxectos, a partir dun enfoque eminentemente práctico baseado na experimentación. Ademais, os responsables dos diferentes proxectos participarán en mesas redondas con recoñecidos actores do ecosistema emprendedor, e terán acceso a titores e mentores especializados. Tras esta fase celebrarase un **Demo Day** en cada unha das sedes que permitirá avaliar cales serán os finalistas que participarán no proceso de aceleración e que recibirán unha contribución financeira de ata 125.000 euros, dos que 75.000 serán achegados pola Xunta a través da

Axencia Galega de Innovación e XesGalicia e os outros 50.000 a través da sociedade de capital risco Vigo Activo.

Por outra banda, e dentro das actividades pertencentes á edición 2015 de VíaGalicia, o **próximo 9 de novembro celebrarase o Investors Day**, xornada dirixida a promover que o capital inversor privado ("business angels") aposte polas novas empresas participantes no programa. Os interesados poderán acceder proximamente á toda a información na **web de VíaGalicia**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.